

ESCOLA DA VIDA

Só na casa

15.08.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Se un can morde un home, isto non supón ningunha noticia, pero cando un home morde un can, si o é, pois parece que o seu comportamento non é o apropiado. Do mesmo xeito, cando un neno é abandonado, aínda que só sexa transitoriamente, por un pai ou unha nai, convértese nun feito noticiable, aínda que para iso teñan que darse algunhas circunstancias inquietantes. Entre estas poden estar as da súa curta idade, a perigosidade do lugar ou os motivos polos que foi desamparado. Parece inaudito que un fillo sexa deixado polos seus pais durante horas nun coche por esquecemento ou descoido, pero ocorre. Do mesmo xeito, non é concibible, en boa medida, que uns pais lles dean calmantes aos seus fillos para que non esperten, e, así, poidan pasar unha velada tranquila cos seus amigos ceando ou divertíndose. Tampouco o é que unha nai saia de compras ou a traballar encerrando o seu fillo na casa.

As causas son múltiples. Unhas veces é a propia inconsciencia dos pais que non perciben as consecuencias dos seus actos, e o mesmo que fan cos seus fillos fano co resto das súas vidas. Outras débese a unha falta de medios sociais para gardalos, estámonos a referir á insuficiencia de prazas nas escolas infantís. Pero, na maioría dos casos, débese á terciarización das relacións que se produciu na nosa sociedade. Isto é, ao pouco acompañamento que, como veciños, facemos uns dos outros na nosa vida diaria. Cantas veces, nunha cidade, un descoñece mesmo ás persoas que conviven no seu propio edificio?

Cando todo o mundo permanecía nun mesmo lugar durante xeracións non só os coñecía senón que tamén se estaba familiarizado cos seus caracteres e costumes, e entón si podía recorrer a eles en caso de necesidade. É máis, os veciños estaban ao tanto uns dos outros dos seus movementos, que se poñían en alerta ante calquera situación de risco que se puidera dar, mesmo na súa prole. Hoxe nas casas, péchanse as portas e as ventás, desconfíase, por principio, dos demais e calquera actuación ou opinión externa pode chegar a ser considerada como unha intromisión na intimidade familiar. Por iso, algunhas nais, superadas polas súas actividades diarias, vense imposibilitadas, moitas veces, para poderen acudir a alguén da súa confianza co fin de solicitarlle que coide dos seus fillos na súa ausencia.

Así pois, cando un neno é supostamente desatendido, non é sempre pola desidia dos seus pais senón que son as causas sobrevidas dunhas relacións pouco solidarias do contorno as que provocan esa soidade..